

MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENSEÑANZA DE ESPAÑOL COMO LENGUA EXTRANJERA O SEGUNDA LENGUA

Memoria Xustificativa e Memoria Económica

**(Orde do 20 de marzo de 2012 que desenvolve Decreto 222/2011, sobre autorización
de titulacións oficiais no Sistema Universitario de Galicia)**

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-
13863_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863_gl.pdf)

Requisitos xerais

I. Xustificación de interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma

O obxectivo do *Máster Universitario en Enseñanza de Español como Lengua Extranjera o Segunda Lengua* é proporcionar unha formación sólida aos graduados que desexen canalizar a súa actividade profesional cara ao ensino de español LE/L2, así como aos profesionais xa activos neste tipo de ensino que desexen mellorar a súa preparación nalgunhas das materias do máster.

Este título, cun perfil profesionalizante, non supón unha adaptación ou reorganización de ningún estudo de posgrao anteriormente existente, senón, pola contra, unha nova proposta que vén cubrir un oco esencial na oferta de posgrao das tres universidades do SUG.

Se existe unha clara demanda na área das disciplinas humanas e, en concreto, entre os graduados en Linguas e Filoloxías, é a do ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua. O número de estranxeiros que demandan cursos de calidade para a súa aprendizaxe da lingua española e da cultura dos países de fala hispana está medrando. O ensino do español está en constante aumento, tanto polo interese que a lingua española ten como vehículo para o coñecemento da cultura hispana en xeral, como polo apoio institucional que recibe en moitos países a través da súa implementación nos plans de estudo da escola secundaria ou, nos casos nos que xa existía, o seu maior status nas eleccións dos estudantes.

Nesta liña, destacamos que nos últimos anos a demanda de cursos de español como lingua estranxeira está experimentando un auxe espectacular, moi especialmente en Europa e Norteamérica, pero tamén noutros países, como Brasil (onde é ensino obrigatorio dende hai algún tempo), o norte de África e mesmo en zonas onde tradicionalmente non tiña presenza algunha, como China ou India. Tamén dentro de España aumenta continuamente a demanda de profesionais do ensino do español como lingua estranxeira, a consecuencia do chamado *turismo idiomático*. Polo tanto, consideramos que a presenza no SUG dun título de *Máster Universitario en Enseñanza de Español como Lengua Extranjera o Segunda Lengua* pode atraer un número elevado de alumnado que valora a Facultades de Filoloxía da USC e da UDC e a Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo como centros de referencia na formación lingüística non só para acadar a titulación de Máster, senón tamén para doutorarse, debido ao nivel de prestixio do profesorado destas facultades.

Esta notable demanda é un reflexo da importancia que adquiriu o sector económico no ensino do español como lingua estranxeira, consecuencia, á súa vez, da importancia da lingua a escala mundial. Segundo recolle o anuario *El español: una lengua viva. Informe 2021*, Instituto Cervantes <https://cvc.cervantes.es/lengua/espanol_lengua_viva/pdf/espanol_lengua_viva_2021.pdf>, máis de 585 millóns de persoas falan español no mundo (7,5% da poboación mundial), dos cales 493 millóns téñeno como lingua materna. O español tamén é o terceiro idioma máis empregado en internet e o idioma estranxeiro máis estudado nos Estados Unidos. A nivel global, é estudado por máis de 24 millóns de persoas. Nas

últimas décadas houbo un crecemento case explosivo da demanda de cursos en español como lingua estranxeira, un crecemento orixinado a principios dos noventa e que aumentou progresivamente ata os nosos días. Como xa se indicou, esta tendencia ascendente xeral nótase non só en países como Estados Unidos ou Xapón, ademais de en Europa occidental, senón tamén noutras áreas, como o norte de África, Europa do Leste, Brasil, China ou India. Esta posición privilexiada que o español chegou a ocupar entre as linguas do mundo e o conseguinte aumento da demanda do ensino do español dan lugar a unha necesidade crecente de avanzar, investigar e formarse neste campo, e o espectacular incremento na demanda de cursos de español como lingua estranxeira require un intenso esforzo no campo da formación de bos profesionais, unha misión que as universidades de SUG pretenden cumprir con esta proposta de máster.

A titulación de máster presentada supón ademais unha oportunidade de atraer alumnado estranxeiro, fundamentalmente de países de América (Brasil e os Estados Unidos) e orientais (China e India). Nos últimos anos vén aumentando a demanda de formación de español LE/L2 tanto nos Centro de Linguas das tres universidades como en Cursos Internacionais da USC. Estes centros atraen a un alumnado que demanda unha especialización universitaria con título de Máster. Por iso, consideramos que é de especial relevancia a oferta dun título de *Máster Universitario en Enseñanza de Español como Lengua Extranjera o Segunda Lengua*.

Por outra banda, na iniciativa e elaboración do programa de máster tívose en conta a existencia de referentes nacionais que configuran un elenco de titulacións en diversas universidades e institucións nacionais. Destacan, en modalidade presencial, ademais das universidades pioneiras de Salamanca, Barcelona, Alcalá de Henares e Antonio de Nebrija, a Universidad de Cantabria, a Universidad Complutense de Madrid, a Universidad de Extremadura, a Universidad de Oviedo, a Universidad de Sevilla, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo, a Universidad de Navarra, a Universidad de Granada e a Universidad de La Rioja; na modalidade non presencial (*online*), a Universidad de Jaén, a Universidad Camilo José Cela, a Universidad Internacional de La Rioja, a Universidad Rovira i Virgili, a Universidad Pablo de Olavide e a Universidad Nacional a Distancia (UNED); en modalidade semipresencial, a Universidad de Córdoba, a Fundación Comillas xunto coa Universidad de Cantabria e a Fundación FIDESCU xunto coa Universidad Pontificia de Salamanca.

Neste contexto, o máster que agora se propón non só é oportuno, senón tamén moi necesario, xa que enche un oco no Sistema Universitario de Galicia, que ata o momento non ten unha oferta deste tipo, o que obriga aos nosos estudantes a prepararse neste campo en universidades, tanto públicas coma privadas, fóra da Comunidade Galega.

O presente proxecto de máster non coincide con ningún proxecto de posgrao dentro do Sistema Universitario Galego. No que respecta aos estudos de idiomas, só cabe mencionar o *Máster Universitario de Lingüística Aplicada*, das universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela, que apenas conta cun módulo opcional de 12 créditos dedicados á docencia de segundas linguas. Non obstante, este módulo é un dos máis demandados polos estudantes. Un capítulo importante na xustificación deste máster é o aumento da oferta académica que supón para estudantes estranxeiros. As Facultades de Filoloxía da USC e a UDC e a Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo son os centros receptores do maior número de estudantes estranxeiros no SUG. A oferta deste tipo de estudos amplía non só cuantitativamente, senón sobre todo

cualitativamente, as posibilidades por parte destas universidades de asinar interesantes convenios que poden resultar moi beneficiosos cara ás estratexias de internalización do SUG. De feito, este máster sería unha continuación natural na formación dos graduados nas Facultades de Filoloxía da USC e a UDC e a Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo.

II. Mercado laboral

Como xa se indicou anteriormente (*vid. supra*, apartado I), o interese deste Máster radica no feito obxectivo de que non existe un programa das súas características a nivel autonómico, e viría a ser, polo tanto, o primeiro máster no SUG que atendera a forte demanda social nunha formación especializada de profesorado en español LE/L2. De acordo cos datos sinalados polo Instituto Cervantes no seu informe *El español: una lengua viva*, en 2021 máis de 24 millóns de alumnos estudan español como lingua estranxeira, de aí que actualmente exista unha enorme demanda de cursos de español/LE nos máis diversos países e en todos os ámbitos educativos, tanto nas ensinanzas regradas como non regradas, e de aí que sexa necesario formar profesionais especializados nese campo que satisfagan esa demanda social.

O ensino do español LE/L2 é un campo en plena expansión cunha grande demanda de profesionais e importantes índices de empregabilidade. Contar cun máster como o que agora se propón permitiríalles aos egresados cubrir as competencias necesarias para o exercicio das actividades profesionais a el vinculadas. Xa que logo, este Máster trata de dar resposta á alta demanda de profesionais especializados no ámbito do español LE/L2, entre os que cabe citar:

- a. Profesorado en distintos niveis educativos non universitarios (primaria e secundaria) e universitarios (graos e másteres), mediante lectorados ou contratos directos con institucións públicas ou privadas, e en distintos centros (escolas, institutos, centros de linguas, escolas oficiais de idiomas, academias, fundacións ou ONG).
- b. Formadores de profesorado.
- c. Deseñadores e editores de materiais didácticos xerais ou para fines específicos.
- d. Xestores académicos.
- e. Deseñadores e/ou administradores de exames oficiais.
- f. Administradores e responsables de programas educativos.

Esta proposta de Máster axústase, polo tanto, á responsabilidade social que teñen as universidades, unha vez que o exceso de demanda de estudos de español a nivel internacional motivou a adopción de medidas urxentes e inmediatas respecto á contratación de profesionais especializados no ámbito do español LE/L2 que non sempre satisfixeron os criterios de calidade requiridos. Cómpre, en consecuencia, proceder a unha contribución innovadora e eficaz na formación dos colectivos profesionais implicados no ensino e formación do español como lingua estranxeira ou segunda lingua.

Por outra banda, situándonos nun marco máis amplo, cabe destacar o feito de que o turismo é un sector estratéxico na nosa Comunidade Autónoma, que conseguintemente é receptora dun elevado número de visitantes estranxeiros, polo que

algúns dos perfís profesionais que cubre este Máster se conectan con ese sector estratéxico, toda vez que poderían contribuír no desenvolvemento dun turismo cultural, focalizado fundamentalmente na necesidade ou interese que os visitantes estranxeiros puideran ter en relación coa aprendizaxe do español.

Así mesmo, a USC mantén un compromiso co emprendemento como unha das principais vías de capacitación profesional da comunidade universitaria. Este compromiso materialízase nunha metodoloxía propia que se traslada aos diversos programas nos que participa. Deste apoio, destacan principalmente o Programa ARGOS e o Programa Santander Explorer. O programa ARGOS é unha iniciativa conxunta da área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) da USC e da incubadora de empresas UNINOVA, que conta coa colaboración das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago e a de Administración e Dirección de Empresas de Lugo, o concello de Santiago de Compostela, a Deputación de Lugo, o IGAPE e GAIN. Con estes programas e outros a USC presta o seu apoio a toda a comunidade universitaria que ten en mente unha idea de negocio e quere transformala nunha empresa. Xa que logo, o alumnado egresado coa titulación de especialización en español como lingua estranxeira ou segunda lingua pode ter a oportunidade de colaborar nun programa de emprendemento empresarial na área das Humanidades.

Pola súa parte, a UVigo conta co programa INCUVI-Emprende (<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad/quieres-emprender>) de apoio a iniciativas empresariais de base tecnolóxica e de coñecemento en calquera ámbito. Este programa ofrece formación e mentorización específicas de cara á validación de ideas de negocio e á elaboración de plans de empresa.

Así mesmo, a UDC dispón de programas e colaboracións de axuda para o acceso ao mundo laboral. Toda a información se atopa en <https://www.udc.gal/gl/emprego/>.

III. Demanda

Entendemos que a demanda real deste Máster é considerablemente alta e podería responder ao interese de distintos colectivos, como os seguintes:

- a. Alumnado dos diferentes Graos que se imparten na Facultade de Filoloxía e tamén na Facultade de Humanidades, así como alumnado da UDC e da UVigo que cursa algúns dos graos ofertados na rama de Artes e Humanidades.
- b. Alumnado que tendo acadado un máster no SUG, como o *Máster Universitario en Lingüística Aplicada* ou o *Máster Universitario en Profesorado*, precisa dunha especialización en español LE/L2 debido á alta demanda de formación nas Universidades e Centros de Formación internacionais.
- c. Profesorado que traballa no ámbito do ensino de español LE/L2 pero que non ten unha formación específica en estudos de posgrao.
- d. Profesorado de Educación Primaria, Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional que imparte docencia a alumnado estranxeiro e demanda unha formación específica na ensinanza do español como segunda lingua.
- e. Traballadoras e traballadores de ONG e centros sociais que ensinan español ao alumnado migrante e refuxiado.

IV. Non duplicidade

No ámbito das Humanidades, e especificamente no que se refire á especialización en linguas, conviven neste momento, no curso académico 2021-2022, como xa se mencionou, dous Másteres Interuniversitarios. Por unha parte, está o *Máster Universitario en Lingüística Aplicada*, e pola outra, o *Máster Universitario en Estudos Ingleses avanzados e as súas aplicacións*; ambos másteres son impartidos nas tres universidades galegas. Ademais, a USC ofrece un *Máster Universitario Erasmus Mundus en Lexicografía*. Así pois, tal como detallaremos a continuación, o Máster que se presenta para a súa avaliación non é coincidente con ningún outro existente no SUG.

O *Máster Universitario en Lingüística Aplicada* é unha titulación que está orientada á formación lingüística xeral. As materias obrigatorias sitúanse no ámbito da Lingüística Teórica e Aplicada, cun total de 24 créditos: Modelos e Métodos na Lingüística Actual, Tecnoloxías Lingüísticas, Recursos bibliográficos e xéneros científicos, Lingüística Aplicada e Lingüística de Corpus. Este Máster permite a elección de itinerarios diferentes, estruturados nos seguintes módulos: Lingüística Aplicada á adquisición de linguas; Ensino de segundas linguas; Lingua de signos española; Linguas e tecnoloxías; Comunicación profesional, Mediación e planificación; O universo léxico; Semántica, gramática e pragmática e Lingüística contrastiva e variación. Cada un destes módulos suma 12 créditos. O módulo de *Ensino de segundas linguas* está constituído por un conxunto de 4 materias de 3 créditos, cuxa formación está orientada a consecución dunha base teórica e aplicada á ensinanza de linguas segundas, pero non do español como lingua estranxeira. A isto engádese o feito de que a formación no Máster en Lingüística Aplicada, polo que se refire á especialización no ensino e aprendizaxe de linguas, está moi orientada á Lingua de Signos Española, sendo este un factor específico que o caracteriza como singular no SUG e no ámbito estatal.

Por outra banda, o *Máster Universitario en Estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións* ten como obxectivo proporcionar unha formación sólida, académica e profesionalizante nos estudos ingleses. Está orientado, pois, á formación nunha lingua moi concreta, a lingua inglesa. No módulo común, dun total de 24 créditos, o alumnado debe cursar materias como Research Methods in English Language and Linguistics; English Studies and Mass Media; English for Specific Purposes; Transcultural Perspectives in English-Speaking Countries; Linguistic Models: Formal, functional, cognitive; Models of Literary and Cultural Interpretation in English-Speaking Countries e Research Methods in English Literary and Cultural Studies. Esta formación debe ser completada coa elección entre dous itinerarios de 30 créditos, un en Lingüística inglesa e outro en Literatura e cultura inglesas.

Finalmente, o *Máster Universitario Erasmus Mundus en Lexicografía* é unha titulación de posgrao encamiñada a dotar ao alumnado dunha formación completa en Lexicografía. Os seus contidos son específicos desta rama concreta da Lingüística. No módulo básico, de 20 créditos, todo o alumnado debe cursar materias como Fundamentos básicos de lexicografía, Panorama da lexicografía monolingüe, bilingüe e multilingüe das linguas románicas e E-lexicografía monolingüe, bilingüe e multilingüe das linguas románicas. O máster inclúe diferentes módulos con materias específicas do ámbito da Lexicografía, como Metalexografía, Historia da lexicografía, O dicionario e o seu uso, Lexicografía e lexicoloxía ou Planificación e deseño de dicionarios, é dicir, materias de formación específica no terreo da Lexicografía e os Dicionarios.

Outro Máster orientado a unha formación profesional e que inclúe unha formación específica na didáctica de linguas é o *Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Enseñanzas de Idiomas*. Pode ser cursado en calquera das tres universidades galegas. Agora ben, esta titulación ofrece a formación pedagóxica e didáctica esixida pola normativa vixente aos futuros profesores da Educación Secundaria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas e como requisito imprescindible para o ingreso nos Corpos de Profesores habilitados para a docencia.

Polo tanto, consideramos que queda amplamente demostrada a especificidade no marco do SUG do *Máster Universitario en Enseñanza de Español como Lengua Extranjera o Segunda Lengua*.

V. Outros

A Facultade de Filoloxía da USC conta cunha ampla oferta de Graos na área de Humanidades, en concreto un catálogo de 5 graos: Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas, Grao en Linguas Modernas e Grao en Filoloxía Clásica. Os títulos de grao ofertados teñen unha estrutura flexible, semellante á existente na maioría das universidades europeas, que permite combinar o estudo da lingua e da literatura elixidas cunha segunda, e mesmo cunha terceira lingua e literatura, ou con Lingüística Xeral, Teoría da Literatura e Literatura Comparada ou Filoloxía Románica. Así, o alumnado conta cun Módulo de Formación Básica co obxectivo de proporcionar unha formación xeral en Lingüística e Teoría da Literatura, así como unha formación inicial en tres das seguintes linguas: alemán, español, francés, galego, grego, inglés, italiano, latín e portugués. Ademais desta formación básica o alumnado pode cursar un Maior nunha lingua do Grao, un Módulo Complementario que fornece unha competencia básica, nunha segunda lingua e a súa literatura ou nunha disciplina transversal ou afín e un Módulo Optativo que permite que cada estudante acabe de perfilar a súa titulación de acordo cos seus intereses. Esta flexibilidade nos estudos de Grao permiten que calquera estudante da Facultade de Filoloxía poida ser un potencial alumno do *Máster Universitario en Enseñanza de Español como Lengua Extranjera o Segunda Lengua*.

A Universidade da Coruña ofrece tres titulacións de grao no ámbito das humanidades: Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios; Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios. Ademais, estes graos pódense combinar en dobres graos: Español-Inglés; Español_Galego e Portugués; Inglés-Galego e Portugués. As linguas que se estudan en estes graos son o castelán, o galego, o portugués, o inglés, o francés e o alemán.

A Universidade de Vigo, pola súa parte, ten unha oferta de estudos de grao no ámbito da humanidades que se concreta en tres liñas: Grao en Filoloxía Aplicada galega e española, Grao en linguas estranxeiras e Grao en Tradución e Interpretación (Español/Galego- Inglés/Francés). As linguas coas que se traballa nestes graos son, ademais do castelán e do galego, inglés, francés, alemán, portugués e lingua de signos.

Tal como se expuxo en apartados anteriores, debemos ter en conta que as tres Facultades son os centros receptores de maior número de estudantes estranxeiros en todo o SUG, tanto ERASMUS como provenientes de distintos convenios. Polo tanto, esta realidade amplía non só cuantitativamente, senón dunha forma cualitativa as

posibilidades de asinar convenios relevantes, pois atende a unha opción moi buscada polo alumnado estranxeiro que valora moi positivamente a formación recibida nestes centros.

Nos últimos anos observamos un interese crecente na formación específica do español como lingua estranxeira, tal como o acredita a alta matrícula detectada nas materias relacionadas con este ámbito. A isto hai que engadir o elevado número de Traballos Fin de Grao realizados nesta liña temática.

Constatamos un aumento de alumnado que solicita, nos programas de doutoramento de Lingüística das tres universidades, liñas de investigación en relación co español como segunda lingua e lingua estranxeira. Así, foron xa defendidas diferentes teses de doutoramento no ámbito do español como lingua estranxeira.

En relación cos datos aportados, é preciso incidir nun aspecto substancial para afianzar a viabilidade do Máster presentado, trátase da importancia que as tres universidades outorgan á política de internacionalización orientada a situar a universidade como un axente importante no espazo do ensino e a investigación a nivel internacional, tanto en Europa como fóra da Unión Europea. Neste sentido as accións tanto da USC como da UDC e da UVigo responden, máis concretamente, a liñas de acción que van encamiñadas a fomentar a participación das tres universidades en redes de investigación e reforzar o seu liderado en programas europeos e internacionais, aumentar a potencia dos programas de mobilidade internacional e ampliar a captación de recursos e o financiamento internacional para diversificar as iniciativas de internacionalización.

Outro aspecto destacable na xustificación do título que presentamos refírese á calidade e cualidade que alcanza a Innovación docente nas tres universidades. Neste sentido o Plan de Formación Docente e Investigador da USC presta especial atención a aquelas funcións que os docentes están chamados a desenvolver pola implantación dun novo modelo educativo centrado na aprendizaxe do alumnado e orientado á adquisición de competencias para a adecuación deste plan ás necesidades vinculadas ao Espazo Europeo de Educación Superior. A USC ofrece unha formación moi sólida no manexo das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Conta cun Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA), un servizo dependente da Vicerreitoría de Organización Académica, que ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento e aplicación das novas tecnoloxías na educación. Na UDC estas funcións de formación docente están a cargo do CUFIE (<https://www.udc.gal/gl/cufie/>) que ofrece cursos á comunidade universitaria, así como todo o apoio, asesoramento e materiais que os docentes poidamos precisar, especialmente no ámbito da teleformación. Na UVigo a Área de Formación e Innovación Educativa (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/area-formacion-innovacion-educativa>) oferta programas de actualización docente, xestiona grupos de innovación docente e asesora os proxectos de innovación educativa.

Dado o carácter de semipresencialidade do Máster que presentamos, o manexo e uso das TIC cobran unha enorme relevancia tal como se observa na Memoria presentada. As tres universidades están dotadas cun Campus Virtual como ferramenta que dá soporte aos procesos de ensinanza-aprendizaxe por vía telemática. A plataforma institucional, baseada en Moodle, proporciona un entorno educativo virtual coas ferramentas necesarias para lograr unha boa integración na docencia e favorecer o proceso de aprendizaxe. Así mesmo as tres universidades contan coa plataforma

Microsoft Teams que permite crear espazos de traballo colaborativo baseados en chat para unificar na mesma aplicación toda a comunicación e documentación xestionada en liña, incluíndo reunións a través de videoconferencia. A UVigo, así mesmo, conta cunha plataforma específica, o Campus Remoto.

Requisitos específicos

Este máster universitario cumpre varios dos requisitos previstos no artigo 5 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais na área da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Ten unha orientación laboral, xa que está dirixido á formación do profesorado para o ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua.
- Ten garantidas as prácticas dos estudantes.
- Cobre a formación superior de persoal nunha área de alta demanda laboral, como se explicou anteriormente.

Máis de 300 estudantes de toda Galicia acoden cada ano á Facultade de Filoloxía, ademais dos que xa están estudando un dos cinco graos en Linguas e Literaturas e Filoloxía que se imparten no centro, dos que entre 50 e 55 se matriculan no Grao en Lingua e Literatura españolas. Considerando que a taxa de éxito desta titulación normalmente se establece, curso tras curso, ao redor do 85%, este único título proporcionaría 45 estudantes potenciais cada curso, aos que se deberían engadir os graduados noutras linguas, como o inglés, as linguas modernas (alemán, francés, italiano e portugués) e incluso galego, que cursan os módulos que compoñen o Minor en Lingua e Literatura Españolas (48 créditos), pensando precisamente nun posible futuro profesional orientado ao ensino do español como segunda lingua. Estes estudantes poderían aumentar o número de posibles titulados de Filoloxía ata uns 70/75 cada curso.

Por outra banda, a Facultade recibe cada ano un número moi elevado de estudantes de mobilidade entrante, que nos últimos anos aumentou notablemente a través de acordos bilaterais, procedentes de todas as partes do mundo, especialmente de universidades chinesas e europeas, a maioría dos cales son estudantes de español nas súas universidades de orixe. Segundo se desprende dos informes proporcionados pola área de Calidade do centro, o grao de satisfacción destes estudantes coa docencia recibida é superior á media da USC, chegando a case ao 90%. Tendo en conta este dato, ao que habería que engadir o incremento de estudantes estranxeiros que realizan as súas teses de doutoramento na USC sobre o ensino do español como lingua estranxeira, é factible supor que un número non despreziable destes estudantes de mobilidade optaría por cursar un máster en español como lingua estranxeira na USC.

Na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña os estudantes de novo ingreso nos tres graos son uns 180, que constitúen tamén uns destinatarios potenciais deste máster.

A Facultade de Filoloxía e Tradución da Uvigo, pola súa parte, recibe cada ano, entre os seus tres graos, uns douscentos estudantes novos, que tamén constituirán un público teoricamente interesado neste máster.

Finalmente, tamén é un máster atractivo para os profesionais sen título específico de especialización no ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua, así como para os graduados como Mestres en Educación Primaria de toda Galicia e para os alumnos do *Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas* e do *Máster Universitario de Lingüística Aplicada*, algúns dos cales veñen dende fóra da nosa Comunidade Autónoma.

1. Análise das necesidades presentes e futuras en recursos humanos, infraestruturas e outros bens para a implantación da titulación proposta e cuantificación destas

Os recursos fundamentais para o desenvolvemento do Máster proceden das estruturas actuais da USC, UDC e UVigo. Os recursos humanos vincúlase a 11 áreas de coñecemento pertencentes a 8 departamentos. Para o desenvolvemento da docencia son necesarios entre 20 e 25 docentes que cubrirán un total de 54 ECTS de docencia en aula, supervisarán as prácticas externas e dirixirán os TFM. Os Departamentos valoraron positivamente a asunción da docencia.

Respecto ás infraestruturas, o Máster terá como sedes as Facultades de Filoloxía da USC e da UDC e a Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo. Estes centros dispoñen dos seguintes espazos.

1. Facultade de Filoloxía da USC

Conta con 26 aulas de propósito xeral cunha capacidade de entre 21 e 130 postos. Todas están equipadas con computador, proxector de vídeo, conexión física a Internet, cabreado para portátiles e sistema de megafonía para voz; 10 contan con tableiro dixital e 7 con micro de lapela. Ademais, as 11 máis grandes dispoñen de cámara web de alta resolución e micro-altofalante.

Tamén dispón de 3 aulas-seminario cunha capacidade para 20 persoas cada unha. Todas están equipadas con computador, proxector de vídeo ou pantalla plana de grandes dimensións e conexión física a Internet.

Así mesmo, dispón dun laboratorio de idiomas, dunha aula de informática de uso docente e de dúas salas de videoconferencia, con capacidade de entre 18 e 40 persoas. Conta con diferentes espazos de traballo para o alumnado, os departamentos e os grupos de investigación; un salón de graos e un salón de actos.

Conta cunha biblioteca con 474 postos de lectura, con máis de 186.000 volumes de monografías (a colección de bibliografía básica de alumnos, enciclopedias e dicionarios está en libre acceso) e máis de 2.650 títulos de publicacións periódicas.

Conta cunha cafetería con servizo diario de comedor.

Así mesmo, todos os espazos e o seu perímetro contan con acceso a rede sen fíos, e as aulas e os espazos de traballo contan con tomas de rede.

Todas as instalacións xerais de uso docente reúnen condicións de accesibilidade adecuadas para persoas con discapacidade.

A USC conta cos seguintes servizos técnicos de mantemento e reparación, baixo responsabilidade do vicerreitorado con competencias en materia de infraestruturas:

a) Infraestruturas materiais:

- Área de infraestruturas (<http://www.usc.es/es/servizos/axi/>)
- Servizo de medios audiovisuais (<http://www.usc.es/es/servizos/servimav/>)
- Servizo de prevención de riscos laborais (<http://www.usc.es/gl/servizos/sprl>)

b) Recursos informáticos:

- Área de TIC (<http://www.usc.es/gl/servizos/atic/>)
- Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe (<http://www.usc.es/ceta/>)
- Rede de aulas de informática (<http://www.usc.es/gl/servizos/atic/rai>)

2. Facultade de Filoloxía da UDC

O centro dispón dos seguintes espazos para a actividade académica de profesorado e alumnado: 16 aulas de propósito xeral, equipadas con computador, proxector de vídeo, conexión física a Internet; 4 aulas de videoconferencia, 3 aulas informatizadas de docencia, 2 aulas de idiomas, 3 seminarios, 1 laboratorio de Fonética, 1 aula informatizada de libre acceso, todas elas de entre 25 e 136 postos. Así mesmo dispón de aula magna, salón de graos e sala de xuntas.

Conta cunha biblioteca con 253 postos de lectura, cunhas 110.000 volumes de monografías e 1083 títulos de publicacións periódicas.

Ademais, conta con outros espazos e servizos de apoio á actividade académica: 2 salas de traballo para o estudiantado, 3 espazos sede de distintas asociacións de alumnado, 3 salas de bolseiros, 4 despachos colectivos para o persoal contratado pre- e posdoctoral, 1 sala de apoio á investigación, 1 espazo de reprografía e varios puntos de autoservizo. Así mesmo, todos os espazos contan con acceso a rede sen fíos, e a maior parte das aulas e os espazos de traballo contan con tomas de rede.

A Facultade observa os criterios de accesibilidade universal e deseño para todos, segundo o disposto na Lei 51/ 2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

Conta cunha cafetería con servizo diario de comedor.

A UDC conta con mecanismos para garantir o mantemento dos recursos materiais, tanto instalacións como servizos existentes:

- Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos (http://www.udc.es/centros_departamentos_servizos/servizos_xerais/servizo_arquitectura_urbanismo_equipamentos.html).
- Servizo de Informática e Comunicacións (<http://www.udc.es/sic/>).
- Unidade de Medios Audiovisuais (<http://www.udc.es/umav/>).
- Servizo de prevención de riscos laborais (<http://www.udc.es/prl/index.html>).

3. Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo

Conta con 26 aulas de propósito xeral cunha capacidade máxima de 104 postos, 11 seminarios con 15 postos cada un, 3 laboratorios de idiomas con 24 postos cada un e 4 laboratorios de interpretación simultánea. Todos os espazos están equipados con computador, proxector de vídeo, pantalla, sistema de son e cabreado para portátiles. Un dos seminarios conta con taboleiro dixital.

Conta con 3 aulas de videoconferencia, 2 aulas de gravación e 7 aulas de informática, unha delas de acceso libre.

Dispón de salón de actos, salón de graos e sala de xuntas, así coma de servizo de reprografía.

Ten unha biblioteca con 200 postos de lectura, con case 80.000 títulos e unhas 800 publicacións periódicas.

Conta con cafetería e con comedor.

Conta con ramplas, ascensores e plataformas para facilitar o acceso de todas as persoas que teñan problemas de mobilidade ou mobilidade reducida.

Os mecanismos de que dispón a Universidade de Vigo para garantir a revisión e o mantemento son os seguintes:

- Área de infraestruturas (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/area-gestion-infraestructuras>).
- Servizo de Comunicación audiovisual e publicidade (<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/organizacion-academica/centros/comunicacion-audiovisual-publicidade>).
- Servizo de Prevención de Riscos Laborais (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/servizo-prevencion-riscos-laborais>).
- Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/area-tecnologias-informacion-comunicacions>).

2. Xustificación da orixe dos recursos necesarios

Os recursos necesarios susténtanse sobre o sistema de financiamento das tres universidades. Unha parte do gasto derivado do desenvolvemento da titulación procede da matrícula do alumnado. No presente curso académico, os prezos públicos pola obtención de estudos conducentes a títulos oficiais veñen establecidos pola Xunta de Galicia, Decreto 103/2021, do 1 de xullo, que fixa os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o curso académico 2021/22.